



**CORRECCIÓNS DA ORDE DO 12 DE MARZO DE 2014 SOBRE A APROBACIÓN  
DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO  
DE BURELA (LUGO)**

Marzo 2014

## I. ANTECEDENTES

Se recibe a Orde do 12 de marzo de 2014 sobre a aprobación definitiva do plan xeral de ordenación municipal do Concello de Burela (Lugo), na que o Conselleiro de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas resolve non outorgar a Aprobación Definitiva ao Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Burela, de acordo co punto 7.b) do artigo 85 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.

O Concello deberá elaborar o documento corrixido preciso para emendar as deficiencias sinaladas no corpo desta Orde; e o elevará, logo dos trámites oportunos, xunto co expediente administrativo a esta Consellería para a súa Aprobación Definitiva.

## II. TOMA EN CONSIDERACIÓN DA ORDE DO 12 DE MARZO DE 2014 SOBRE A APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE BURELA (LUGO)

Vista a Orde do 12 de Marzo compre realizar as seguintes Modificacións non Sustanciais no documento do PXOM:

### II.1 INFORMES SECTORIAIS

1. O informe de Augas de Galicia prescribe que non se formigonen os paramentos do encauzamento do río Pomedas e se deixen ocos para a naturalización das ribeiras.

Recollido na contestación dos informes sectoriais, páxina 16.

*"Se establece como prescrición que non se formigonen os paramentos, deixando ocos que permitan a naturalización das ribeiras"*

Se corrixe e se recolle na memoria descritiva e xustificativa no apartado 17 Xustificación da coherencia das determinacións do plan coas directrices de ordenación do territorio de Galicia no punto 3.1.1.16.

*"No interior da área urbana se prevén espazos destinados a integración do corredor ecolóxico do río Pomedas contemplado no POL, coa súa integración nas zonas verdes nos ámbitos do solo urbano e urbanizable tendo en conta as zonas de asolagamento determinadas no estudio incluído no P.X.O.M.. no río Pomedas non se formigonarán os paramentos de encauzamento deixando ocos que permitan a naturalización das ribeiras, tanto no solo urbano, coma no solo rústico coma e no solo urbanizable non delimitado SURB-ND-R0".*

Se corrixe e se recolle na memoria descritiva e xustificativa no apartado 18 Coherencia coas determinacións do plan de ordenación do litoral, no punto 65.

*"Corredores*

*Adáptase o ámbito do corredor en función dos estudos realizados no ámbito do río Pomedas, incorporando este ámbito coma espazo libre no SURB-ND-04. Se establece como prescrición que non se formigonen os paramentos, deixando ocos que permitan a naturalización das ribeiras."*

Se corrixe e se recolle na Normativa no artigo 231 Sistema xeral de espazos libres, no seu punto 9 o seguinte parágrafo:

*"Nos encauzamentos do río Pomedas non se poiden formigonar os paramentos do encauzamento e se deixarán ocos para a naturalización das ribeiras."*

Se corrixe e se recolle na Normativa no anexo VI. Fichas de desenvolvemento dos sectores de solo urbanizable delimitado

*"No desenvolvemento do solo urbanizable SURB-ND-R04, nos encauzamentos do río Pomedas non se poiden formigonar os paramentos do encauzamento e se deixarán ocios para a naturalización das ribeiras"*

2. Segundo o informe da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria do 30/08/2013, o contorno de protección das vivendas sociais na avenida da Mariña (ficha núm. 300) recolla as fachadas das parcelas edificadas pertencentes á súa escena urbana, ao outro lado das rúas Castelao (suroeste) e Lamestra (norte).

Se corrixe o contorno das vivendas sociais na avenida da Mariña, nº 300 segundo o informe da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Se corrixe o seguinte plano e na ficha do catálogo.

O2.13.\_FOLLA 13\_\_\_\_\_E:1:1000

3. No subsolo da área do solo urbano do Cantiño, existen grutas submariñas deslindadas como dominio público marítimo terrestre. Conforme ao artigo 104.f da LOUG, nas áreas ameazadas por graves riscos naturais como inundación ou afundimento entre outros, non debe permitirse ningunha construción susceptible de padecer estes riscos.

Se prohíbe a construción nestas zonas. Se grafía no seguinte plano de ordenación e se recolle na Normativa.

O2.30.\_FOLLA 30\_\_\_\_\_E:1:1000

NORMATIVA. Artigo 246 Ordenanza 3 Unifamiliar apartado 4.b.c

## II.2 ESTRUCTURA XERAL E ORGÁNICA DO TERRITORIO

1. Existe un erro no Estudo Económico do PXOM, no que o Sistema Xeral 611.X.e.I. correspondente á ampliación da EDAR, é identificado como Praza Canabal.

Se corrixe no Estudo económico, no punto 4. Estudo de viabilidade económica, punto 4.2.3. Iniciativa Pública, Concello, así como no Informe de sustentabilidade económica, punto 3 valoración do impacto dos investimentos previstos na implantación de infraestruturas e servizos, e no ISA, apartado 8.1.5 iniciativa pública Concello, as referencias a Praza de Canabal substituíndoas pola de ampliación da EDAR.

2. Non se poden computar como sistemas xerais de espazos libres, a efectos do artigo 47.1 da LOUG, zonas ameazadas por risco de inundación (parte do 2066 Espazo libre). O espazo libre 2061 se eliminou nos planos pero non nos cadros de sistemas xerais. Pola contra, o espazo libre 2067 consta nos planos pero non se computa.

Se corrixe e se retira do sistema xeral de espazos libres a totalidade do espazo 2066. Pasando a denominarse 2066.L.n. EL.

Se corrixe e se elimina dos cadros de sistemas xerais o espazo libre 2061.

Se corrixe e se computa o espazo libre 2067 coma sistema xeral.

### II.3. CLASIFICACIÓN DO SOLO RÚSTICO

- O Monte Castelo, que é un espazo de interese paisaxístico do POL, deberá superpoñerse á categoría de espazos naturais (artigo 32.3 da LOUG).

Se superpón a categoría de protección paisaxística e se corríxenos os planos:

O2.19.FOLLA 19	_____	E:1:1000
O2.23.FOLLA 23	_____	E:1:1000
O2.24.FOLLA 24	_____	E:1:1000
O2.27.FOLLA 27	_____	E:1:1000
O2.28.FOLLA 28	_____	E:1:1000

- Nos terreos incluídos dentro da liña límite de edificación da vía férrea que estean a menos de 200m da ribeira do mar, as categorías de solo rústico de especial protección de infraestruturas e de costas deben superpoñerse.

Se superpón a categoría de protección infraestruturas coa de costas e se corríxenos os planos:

O2.02.FOLLA 01	_____	E:1:1000
O2.03.FOLLA 02	_____	E:1:1000
O2.03.FOLLA 03	_____	E:1:1000
O2.04.FOLLA 04	_____	E:1:1000
O2.05.FOLLA 05	_____	E:1:1000
O2.09.FOLLA 09	_____	E:1:1000
O2.17.FOLLA 17	_____	E:1:1000
O2.21.FOLLA 21	_____	E:1:1000
O2.22.FOLLA 22	_____	E:1:1000
O2.25.FOLLA 25	_____	E:1:1000
O2.26.FOLLA 26	_____	E:1:1000
O2.27.FOLLA 27	_____	E:1:1000

## II.4. DETERMINACIÓNS

### 1. Determinacións no solo urbano

- Rúa do Portelo (antigo P04). A Ordenación proposta non é coherente coa servidume de protección de costas. Defíniranse as aliñacións de xeito coherente coas ordenanzas.

Se elimina a ordenación O1C, na zona de servidume de protección de costas. Se corrixe o plano O2.09.

O2.09.FOLLA 09 \_\_\_\_\_ E:1:1000

- Nun quinteiro da rúa do Río non se expresa a altura máxima que é de aplicación.

Se corrixe e se indican as alturas no quinteiro M183-03 da ordenanza O1A, establecida en V alturas. Se corrixe o plan O2..16

O2.16.FOLLA 16 \_\_\_\_\_ E:1:1000

### 2. Determinacións no solo urbanizable.

- De conformidade co artigo 57.2 da LOUG, se o plan xeral opta por ordenar detalladamente os sectores, debe conter as determinacións dos plans parciais. Nos sectores R02 e R03 de iniciativa privada, non consta concerto coa administración.

As ordenacións detalladas teñen o carácter preferente. Ao non existir actuacións privadas concertadas coa administración será preciso o seu desenvolvemento a través dun plan parcial nos sectores R02 e R03. Neste sentido se modifica na normativa o artigo 264 Solo urbanizable delimitado. Sectores no seu apartado 2 quedando redactado coma segue:

*"Os sectores de desenvolvemento urbanístico preferente ordenados detalladamente non están garantizados a execución do plan a través de actuacións públicas programadas ou privadas concertadas coa administración, sendo preciso o seu desenvolvemento a través do correspondente plan parcial."*

- A Ordenanza industrial contempla a posibilidade de implantar o uso residencial.

Se corrixe o artigo 248. ORDENANZA 5. Industrial-comercial. No seu apartado 3.a eliminando o uso residencial

## II.5 NORMATIVA

1. As ordenanzas 2 (edificación aberta) e 3 (unifamiliar) remítense aos volumes grafados nos planos de ordenación coma volumes completos, pero non se grafan.

Se modifica a redacción do apartado 1.b dos artigos 245. ORDENANZA 2. Aberta e 246.ORDENANZA 3. Unifamiliar caa seguinte redacción:

*"Se establecen dous sistemas de ordenación:*

*Volumes grafiados nos planos de ordenación*

*Grafiáanse os volumes completos a executar nun único proxecto arquitectónico, no que se integren sempre os espazos privados libres de edificación, e a banda completa entre o fin do volumen e a ordenanza.*

*Malia o anterior, dótase dunha flexibilidade para adaptarse o parcelario, poidendo desplazarse lateralmente os volumes grafiados, sen modificar o recuamento a aliñación, nen a separación mínima entre os volumes, poidendo reducirse sempre a superficie ocupada.*

*Posición illada non grafiada nos planos de ordenación*

*En caso de non estar grafiados os volumes a executar serán de aplicación as condicións de ecuado e distancia a lindeiros contidos na ordenanza."*

2. Sen prexuízo de optar por un réxime máis restritivo, os usos permitidos e autorizables en solo rústico deben adaptarse ao réxime establecido na LOUG.

Se modifica a redacción dos seguintes artigos da Normativa, para adaptarse a LOUG.

*"Artigo 271. Dereitos dos propietarios do solo rústico*

1. *Serán os establecidos no artigo 31 artigo 31 da lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e posteriores modificacións ou por aquela normativa que a complemente ou substitúa.*

*Artigo 272. Deberes dos propietarios do solo rústico*

1. *Serán os establecidos no artigo 31 artigo 31 da lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e posteriores modificacións ou por aquela normativa que a complemente ou substitúa.*

*Artigo 273. Plans especiais*

1. *Serán os establecidos no artigo 69 artigo 31 da lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e posteriores modificacións ou por aquela normativa que a complemente ou substitúa.*
2. *No solo rústico poderanse redactar Plans especiais de infraestruturas e dotacións.*

*Artigo 274. Establecemento do réxime de usos segundo as categorías do solo establecidas*

1. *Serán os establecidos nos artigo 33, 34, 35, 36, 37, 38, 39 da lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e posteriores modificacións ou por aquela normativa que a complemente ou substitúa.*
2. *Nas zonas de Protección do POL, estarase ao disposto as maiores limitacións deste documento."*

## II.6 ERROS

1. Na rúa do Colexio superponse o solo rústico de protección de augas co solo urbano e co SUND-ND-01, pola falla de grafado do acrónimo.

Se corrixe no ámbito do solo urbano no plano O2.04 e se pon o acrónimo no SUND-ND-01, plano O2.08

O2.04.FOLLA 04 \_\_\_\_\_ E:1:1000

O2.08.FOLLA 08 \_\_\_\_\_ E:1:1000

2. A pesar do seu uso dotacional ou de espazo libre, ao campo de tiro e ao monte Castelo non se lles debe asignar ordenanzas de solo urbano en vez das de solo rústico.

Se elimina o erro tipográfico de asignación de ordenanza no plano O2.24.

O2.24.FOLLA 24 \_\_\_\_\_ E:1:1000

3. Nos planos O.2.6 e O.2.10 cómpre clarexar o límite do solo rústico de protección de infraestruturas.

Se delimita de xeito claro o límite do solo rústico de protección de infraestruturas.

O2.06.FOLLA 06 \_\_\_\_\_ E:1:1000

O2.10.FOLLA 10 \_\_\_\_\_ E:1:1000

4. Non é posible saber a categoría de solo rústico do equipamento 904 X.e.I

Se identifica correctamente a categoría de solo do equipamento 904.x.e.i.

O2.06.FOLLA 06 \_\_\_\_\_ E:1:1000

5. No plano o.2.8 non queda claro o límite do solo rústico de protección das augas, ao non grafarse a sigla e ser a liña que o delimita igual cá de policía.

Se identifica correctamente o límite do solo rústico de protección de augas.

O2.08.FOLLA 08 \_\_\_\_\_ E:1:1000

6. No plano O.2.10 e O.2.20 aparecen as siglas SRPF en ámbitos que aparentemente están incluídos na categoría de solo rústico de protección de infraestruturas.

Se corrixen as etiquetas de SRPF

O2.10.FOLLA 10 \_\_\_\_\_ E:1:1000

O2.20.FOLLA 20 \_\_\_\_\_ E:1:1000

7. Nos planos O.2.16 e O.2.30 hai unha porción de terreo sen clasificación.

Se corrixen o etiquetado

O2.16.FOLLA 16 \_\_\_\_\_ E:1:1000

O2.30.FOLLA 30 \_\_\_\_\_ E:1:1000

8. No gasoduto, as categorías de solo rústico de protección de infraestruturas e de espazos naturais deben superpoñerse, ao non ser ningunha delas máis restritivas en todos os casos (artigo 32.3 da LOUG).

Se superpoñen as distintas categorías de solo.

O2.19.FOLLA 19 \_\_\_\_\_ E:1:1000

O2.23.FOLLA 23 \_\_\_\_\_ E:1:1000

O2.27.FOLLA 27 \_\_\_\_\_ E:1:1000

O2.28.FOLLA 28 \_\_\_\_\_ E:1:1000

9. Nos planos O.2.7, O.15 e O.2.19 non se ve ben o límite do solo rústico de protección das augas.

Se corríxe o grafismo

O2.07.FOLLA 07 \_\_\_\_\_ E:1:1000

O2.15.FOLLA 15 \_\_\_\_\_ E:1:1000

O2.19.FOLLA 19 \_\_\_\_\_ E:1:1000

10. Obsérvanse erros de remisión en diversos puntos da normativa (páxina 176, artigo 275, por exemplo: no se encontra la referencia).

Se corríxe o erro tipográfico.

11. Varios puntos da memoria descritiva e xustificativa, como o punto 7.3.4 (prazos da edificación) ou 12.4, normas de calidade urbana, non se corresponden coas características deste concello.

Se corríxe o apartado 7.3.4 e 12.4 da memoria descritiva e xustificativa.

## II.7 DOCUMENTACIÓN

1. O plano de clasificación do solo de todo o termo municipal debe achegarse a escala 1/5.000. Os textos deben ser lexibles.

Se corríxe a escala do plano e textos a 1:5000.



2. O plano de riscos a escala 1/10.000 non inclúe a zona de risco de asolagabilidade mareal incluída no estudo de asolagabilidade.

Se corrixe o plano de riscos I.13. engadindo a zona de risco de asolagabilidade mareal.

I.13. Plano de riscos \_\_\_\_\_ E:1:10.000

## II.8 INCIDENCIA CO PLAN DE ORDENACIÓN DO LITORAL:

1. O sistema xeral deportivo 1027.X.n.D. nas proximidades da Praia da Marosa está incluído na área de protección costeira do POL, polo que unicamente se permiten as actividades deportivas ao aire libre, sen obras nin instalacións.

Se establece a seguinte limitación na normativa.

*"Artigo 229. Sistema xeral de equipamento comunitario  
No sistema xeral deportivo 1027.X.n.D ao estar na zona de protección costeira do POL soamente se permiten as actividades deportivas ao aire libre, sen obras nen instalacións".*

2. O polígono de solo urbano non consolidado P05 está na súa meirande parte incluído na área de protección costeira, onde segundo o artigo 63 da normativa do POL, están prohibidos os desenvolvementos urbanísticos, agás as áreas destinadas a sistemas xerais ou locais.

Se elimina o Polígono P05 ao non ser compatible co POL. Se corríxen os seguintes planos:

O2.09.FOLLA 09 \_\_\_\_\_ E:1:1000

O3.09.FOLLA 09 \_\_\_\_\_ E:1:1000

IU-10.09. \_\_\_\_\_ FOLLA 09 \_\_\_\_\_ E:1:1000

IU-03. Servizos urbanísticos. Rede de abastecemento \_\_\_\_\_ E:1:5.000

IU-04. Servizos urbanísticos. Rede xeral de saneamento \_\_\_\_\_ E:1:5.000

IU-05. Servizos urbanísticos. Rede eléctrica e alumeadado \_\_\_\_\_ E:1:5.000

IU-09. Análise da malla urbana \_\_\_\_\_ E:1:5.000

3. O ámbito de solo urbanizable SURB-ND-R01 está afectado polo corredor ecolóxico asociado ao Río Pomedá, que será destinado a sistema xeral ou local de espazos libres.

Se establece a seguinte condición no Anexo VI fichas de desenvolvemento dos sectores de solo urbanizable delimitado.

*"No ámbito de solo urbanizable SURB-ND-R01 afectado polo corredor ecolóxico asociado ao Río Pomedá será destinado a sistema xeral ou local de espazos libres."*

4. No Concello de Burela o POL identificou un espazo de interese xeomorfolóxico (preto do Portiño das Palomas), un espazo de interese paisaxístico (Monte Castelo) e tres espazos de protección de ladeira (Monte Puída, Monte Rañadoira e Pena Rama) cartografados todos eles no plano de usos e elementos para a valoración. O PXOM establecerá neles as oportunas medidas de protección para preservar e potenciar os valores paisaxísticos (ben mediante a clasificación de solo rústico de protección paisaxística ou, mediante maiores limitacións de uso de acordo co POL).

Se establece a clasificación destes ámbito coma solo rústico de protección paisaxística.

O2.03.FOLLA 03	_____	E:1:1000
O2.06.FOLLA 06	_____	E:1:1000
O2.07.FOLLA 07	_____	E:1:1000
O2.10.FOLLA 10	_____	E:1:1000
O2.11.FOLLA 11	_____	E:1:1000
O2.14.FOLLA 14	_____	E:1:1000
O2.15.FOLLA 15	_____	E:1:1000
O2.26.FOLLA 26	_____	E:1:1000
O2.19.FOLLA 19	_____	E:1:1000
O2.23.FOLLA 23	_____	E:1:1000
O2.24.FOLLA 24	_____	E:1:1000
O2.27.FOLLA 27	_____	E:1:1000
O2.28.FOLLA 28	_____	E:1:1000

5. Deberase delimitar o núcleo de identidade litoral (NIL) de Burela de acordo co artigo 69 do POL, atendendo á súa historia, estrutura morfolóxica e relación funcional e visual co mar, englobando a totalidade dos elementos identitarios do núcleo.

Se delimita o núcleo de identidade litoral (NIL) de Burela de acordo co artigo 69 do POL, atendendo a súa historia, estrutura morfolóxica e relación funcional e visual co mar, englobando a totalidade dos elementos identitarios do núcleo, atendo as especificacións do artigo 44 do POL. Se engade o apartado xustificativo 17.2. Delimitación do núcleo de identidade do litoral (NIL) na memoria Descritiva e Xustificativa e o plano I.17. Plano delimitación do núcleo do Litoral (NIL).

I.17. Plano delimitación do núcleo de identidade litoral (NIL) \_\_\_\_\_ E:1:10.000

6. Na ficha do POL da unidade de paisaxe de Burela (01\_04\_012) indícase a necesidade de delimitar o ámbito de recualificación correspondente á implantación industrial en torno ao eixo da estrada LU-2012, o que debe ser precisado polo planeamento municipal, seguindo o disposto nos artigos 17.6, 44 e 71 da normativa do POL. O obxectivo é a ordenación dun espazo con evidente vocación industrial e produtiva co fin de mellorar a integración paisaxística das edificacións. Para iso, prestarase especial atención á calidade da fachada marítima e á integración da tipoloxía e as edificacións no terreo, tendo en conta o indicado no artigo 77 da normativa do POL para a integración paisaxística dos sectores industriais. Procurarase tamén a mellora da accesibilidade pública da área.

Se engade o apartado xustificativo 17.3. Ámbito de recualificación urbanística e o plano I.18. Plano de delimitación do ámbito de recualificación

I.18. Plano de delimitación do ámbito de recualificación\_\_\_\_\_E:1:5.000

7. Con respecto aos desenvolvementos urbanísticos, cómpre indicar:

- P04: indicarse na ficha das condicións do desenvolvemento a de levar a cabo unha naturalización da urbanización do espazo libre previsto, en consonancia coa proximidade co espazo costeiro incluído no solo rústico.

Se establece a seguinte condición no Anexo V fichas de desenvolvemento dos polígonos de solo urbano non consolidado.

*"No Polígono P04 se levará a cabo unha naturalización da urbanización do espazo libre previsto, en consonancia coa proximidade co espazo costeiro incluído no solo rústico."*

- P21, P22, P23 e P24: segundo o artigo 64.2 da normativa do POL tan só resulta posible situar os crecementos urbanísticos diante dos núcleos existentes co obxectivo de completar a fachada marítima. Por conseguinte achegarse información engadida (alzados frontais, seccións transversais á costa ou semellante...) da incidencia na fachada marítima dos volumes propostos en relación cos existentes, que se engadirá ás fichas dos desenvolvementos como vinculante. Noutro caso, condicionaranse a estudos de detalle que se someterían a informe de adecuación ao POL.

Se establece a seguinte condición no Anexo V fichas de desenvolvemento dos polígonos de solo urbano non consolidado.

*"O desenvolvemento dos Polígonos P21, P22, P23, e P24, condicionaranse a estudos de detalle que se sometán a informe de adecuación ao POL."*

- SURB I01: complementa a implantación industrial obxecto da área de recualificación en torno á LU-2012. Son precisas as medidas indicadas cánto á integración paisaxística das edificacións propostas. Dada a alta exposición visual cara o litoral, indicárase na ficha do desenvolvemento a necesidade de dirixir cara á costa os espazos libres e de aplicar as medidas de integración paisaxística do artigo 77 do POL. Como o PXOM non inclúe a ordenación detallada, indicárase a necesidade de remitir o planeamento de desenvolvemento para verificar o POL.

Se establece a seguinte condición no Anexo V fichas de desenvolvemento dos sectores de solo urbanizable delimitado.

*"No ámbito de solo urbanizable SURB-I01 será preciso dirixir cara á costa os espazos libres e de aplicar as medidas de integración paisaxística do artigo 77 do POL. Como o PXOM non inclúe a ordenación detallada, será preciso remitir o planeamento de desenvolvemento para verificar o POL"*

- SURB ND I02: sitúase en torno ás cotas máis altas e cunha topografía accidentada, con impacto paisaxístico derivado da súa implantación. Indicárase na súa ficha a necesidade de ter en conta as medidas de integración paisaxística do artigo 77 do POL para os sectores industriais. Por tratarse dun solo pendente de sectorización, deberá remitirse o planeamento de desenvolvemento para a súa aprobación definitiva.

Se establece a seguinte condición no Anexo V fichas de desenvolvemento dos sectores de solo urbanizable delimitado.

*"No ámbito de solo urbanizable SURB-ND-I02 terase en conta as medidas de integración paisaxística do artigo 77 do POL para os sectores industriais. Por tratarse dun solo pendente de sectorización, deberá remitirse o planeamento de desenvolvemento para a súa aprobación definitiva."*

- Segundo a cartografía de usos e elementos para a valoración do POL, no SUND R01 constan masas de vexetación cuxa conservación debe tentarse, indicándo na Ficha.

Se establece a seguinte condición no Anexo V fichas de desenvolvemento dos sectores de solo urbanizable delimitado.

*"No ámbito de solo urbanizable SURB-ND-R0, segundo a cartografía de usos e elementos para a valoración do POL, constan con masas de vexetación cuxa conservación debe tentarse."*

8. No concello de Burela o POL identificou as seguintes praias:

- Praias periurbanas: Os Cantiños, Perdouro, Reliño e A Marosa.
- Praias urbanas: Perna de Oural, Portelo, Cabaliño.

O PXOM debe prestar especial atención á ordenación do contorno das praias do concello, atendendo aos artigos 82 a 91 da normativa do POL. Particularmente, de acordo co artigo 90, o PXOM debe realizar un estudo para deducir as necesidades de aparcamento nas praias periurbanas e rurais, especialmente na contorna da Praia da Marosa, onde conflúen as necesidades derivadas dos equipamentos deportivos existentes e, en consecuencia, formular as oportunas solucións.

Se engade o apartado xustificativo 17.4 Praias da memoria descritiva coas determinacións xustificativas introducidas no PXOM. Se sinalan as praias e os entornos de aparcamento no plano I.17. Plano delimitación do núcleo do Litoral (NIL).

I.17. Plano delimitación do núcleo de identidade litoral (NIL)\_\_\_\_\_E:1:10.000

9. O POL (de acordo coa determinación 6.12 das DOT) propón a Senda dos Faros, á que se refiren a disposición adicional segunda da normativa e o capítulo 3 do título IV (Modelo de xestión) da memoria. Suxírese que o PXOM recolla o tramo da Senda dos Faros que atravesa o concello de Burela, incorporando o seu trazado con carácter orientativo ata que se aprobe o plan ou plans especiais que desenvolvan esta senda, co obxecto de que o futuro desta non se vexa comprometido.

Se engade o apartado xustificativo 17.5 Senda dos Faros e se recolle o trazado no plano I.17. Plano delimitación do núcleo do Litoral (NIL).

I.17. Plano delimitación do núcleo de identidade litoral (NIL)\_\_\_\_\_E:1:10.000

Lugo, 17 marzo 2014

MANUEL EDUARDO LÓPEZ  
VÁZQUEZ

Arquitecto

MANUEL ANGEL LÓPEZ  
REAL

Arquitecto Técnico-  
Enxeñeiro de Edificación

